



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 21-04-2023

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 12:07 horas do día 21 de abril de 2023, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D^a. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ

D^a. MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE

SECRETARIA: D^a. ANTÍA PENA DORADO

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores. Acta do 23 de febreiro de 2023

Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha observación. Ao non formularse ningunha, enténdese aprobada por unanimidade.

2.-Expedientes de contratación e celebración de contratos privados conforme a Disposición adicional segunda da LCSP.

2.1 Aprobar o expediente de contratación da obra “AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (FASE II) (A CARRASQUEIRA, VITUEIRA)” 2023/C003/000001

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 19/04/2023 que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XGL

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (FASE II) (A CARRASQUEIRA, VITUEIRA)” EXPTE. 2023/C003/000001.

Logo de ver o proxecto de obras “AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (FASE II) (A CARRASQUEIRA, VITUEIRA)”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. PABLO BLANCO FERREIRO, colexiado núm. 22992, polo importe de

173.176,24 euros, IVE 36.367,01 euros, que totalizan un orzamento de execución por contrata de 209.543,25 euros, e no seu expediente está incorporado o documento RC expedido pola intervención polo que se acredita crédito suficiente, aprobado por Resolución de Alcaldía 283/2023 do 11-04-2023.

Para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, a Alcaldía deste Concello, na súa condición de órgano de contratación, entende necesario proceder á aprobación do expediente de contratación de "AMPLIACIÓN DO ABASTECIMIENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (FASE II) (A CARRASQUEIRA, VITUEIRA)" para dar servizo de abastecemento á totalidade da parroquia de Languairón, continuando a obra incluída no POS+Adicional 2022, actuación incardinable nun contrato administrativo de obras, segundo o previsto no artigo 13, en relación co Anexo I da devandita norma.

Logo de ver o disposto no art. 231 LCSP 2017, o cal establece que "la adjudicación de un contrato de obras requirirá la previa elaboración, supervisión, aprobación y replanteo del correspondiente proyecto que definirá con precisión el objeto del contrato. La aprobación del proyecto corresponderá al órgano de contratación salvo que tal competencia esté específicamente atribuida a otro órgano por una norma jurídica", o proxecto redactado incorpora todos os requisitos esixidos, definindo con precisión o obxecto do contrato. Cóntase con tódalas autorizacións sectoriais preceptivas, as cales figuran incorporadas ao expediente. O proxecto aprobouse pola resolución desta alcaldía núm. 283/2023, de data 11-04-2023.

A actuación levarase a cabo en terreos de titularidade municipal, sendo o abastecemento de auga un servizo de prestación obrigatoria, polo tanto establécese como un fin institucional propiamente dito, posto que entra dentro das competencias e das obrigas municipais, tendo neste caso o financiamento necesario no Orzamento Municipal de 2020, prorrogado para o actual exercicio, dado que o 31-03-2023 asinou se o convenio con SOGAMA para o financiamento desta obra, polo cal aportará 150.000 euros, sendo a aportación do concello, con cargo a recursos propios a contía de 59.543,25 euros, para o cal existe remanente disponible, conforme RC de intervención do 4-04-2023.

Tendo en conta o informe técnico do arquitecto técnico municipal, Ernesto Fernando Calvo Pérez, do 31.03.2023, de compatibilidade urbanística e necesidade de afeccións sectoriais no que se indica que se conta coas autorizacións sectoriais preceptivas e a adenda ao informe do 11.04.2023.

En cumprimento do disposto na resolución da alcaldía núm. 283/2023, de data 11-04-2023, neste procedemento empregárase o Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratación mediante o procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras provinciais, todo ilo consonte ao establecido no artigo 159.1 e seguintes da LCSP. De conformidade coa resolución de data 11-04-2023 este proxecto non se dividirá en lotes, ao estar xustificado porque dificultaría a correcta execución do investimento dende o punto de vista técnico, consonte co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Logo de ver o informe técnico que obra no expediente emitido polo Arquitecto Técnico Municipal na data 31-03-2023 e 11-04-2023, as obras executaranse afectando só a terreos de titularidade municipal, polo que existe a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, así como a acta de replanteo posterior á aprobación do proxecto, emitida polo técnico redactor na data de 12-04-2023, para os efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017, así como o informe do técnico de Administración Xeral, coordinador xeral, como xefe da dependencia de contratación de data 11-2-04-2023, e os pregos de cláusulas administrativas particulares empregando o prego tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña para o procedemento aberto simplificado, previsto no art. 159.1 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación.

Logo de ver os informes preceptivos de secretaría e intervención de data 17 e 18 de abril de 2023 respectivamente.

A Disposición adicional segunda da LCSP establece que a competencia para contratar será do Alcalde cando o importe do contrato non exceda o 10% dos recursos ordinarios, en caso de que exceda a competencia é do Pleno. O valor estimado do proxecto é de 175.596,16 euros. De conformidade coa resolución de alcaldía pola que se aproba a prórroga orzamentaria do orzamento do exercicio 2020 para o exercicio 2023 os recursos ordinarios ascenden a 4.721.026,17 € (sumatorio das previsións iniciais dos capítulos 1 a 5, ambos inclusive, do orzamento de ingresos), polo que o Alcalde é o órgano competente para a tramitación dos contratos ata o importe de 472.102,62 € e cunha duración (incluídas as prórrogas) de ata 4 anos.

Considerando que a sobredita competencia é atribuída a alcaldía, a cal delegouse na Xunta de Goberno Local pola resolución da alcaldía núm. 374/2019, do 26-06-2019.

Tendo en conta o establecido nos artigos 231 a 236 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas así como os artigos 21 e 22 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente elevo a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación 2022/C003/000001 da obra denominada "AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (FASE II) (A CARRASQUEIRA, VITUEIRA)", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. PABLO BLANCO FERREIRO, colexiado núm. 22992, polo importe de 173.176,24 euros, IVE 36.367,01 euros, que totalizan un orzamento de execución por contrata de 209.543,25 euros, e aprobado Resolución de Alcaldía 283/2023 de 11-04-2023 e cun prazo de execución de seis meses, así como o Prego de Prescricións Técnicas incorporado no proxecto e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe de 209.543,25 euros con cargo á aplicación orzamentaria 160 62300 proxecto de gasto 2.2023 2 23K 1 1.

Terceiro.- Publicar no Perfil do Contratante e Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>). "

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación 2022/C003/000001 da obra denominada "AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (FASE II) (A CARRASQUEIRA, VITUEIRA)", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. PABLO BLANCO FERREIRO, colexiado núm. 22992, polo importe de 173.176,24 euros, IVE 36.367,01 euros, que totalizan un orzamento de execución por contrata de 209.543,25 euros, e aprobado Resolución de Alcaldía 283/2023 de 11-04-2023 e cun prazo de execución de seis meses, así como o Prego de Prescricións Técnicas incorporado no proxecto e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe de 209.543,25 euros con cargo á aplicación orzamentaria 160 62300 proxecto de gasto 2.2023 2 23K 1 1.

Terceiro.- Publicar no Perfil do Contratante e Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>).

3.-Petición e aceptación de subvencions.

3.1 Solicitud de subvención do Programa MA100 de subvencions para limpeza de praias destinado a concellos da provincia da Coruña – 2023

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 20/04/2023 que se transcribe literalmente:
“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Bases reguladoras Programa MA100 de subvencions para limpeza de praias destinado a concellos da provincia da Coruña – 2023

ANTECEDENTES

1.- No BOP núm. 49, do 13/03/2023, saen publicadas as Bases reguladoras Programa MA100 de subvencions para limpeza de praias destinado a concellos da provincia da Coruña – 2023.

No BOP núm. 53, do 17/03/2023, publícase o Extracto de la Resolución núm. 2023/10011, del 13 de marzo, de la Presidencia de la Diputación de A Coruña, por la que se aprueba la convocatoria del “Programa MA100, de subvenciones para limpieza de playas marítimas, dirigido a ayuntamientos de la Provincia de A Coruña, durante el ejercicio 2023”.

2.- Memoria alcaldía explicativa da actividade que vai realizar.

3.- Informe do A.E.D.L referente os costes que inclúen na solicitude (Costes laborais e gasto corrente).

Vistas as competencias da alcaldía, conforme ao artigo 21 das Bases de Réxime Local e que no Concello de Ponteceso están delegadas na Xunta de Goberno Local, segundo Resolución de Alcaldía 374/2019 e 283/2020.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Acordar a solicitude de subvención do Programa MA100 de subvencions para limpeza de praias destinado a concellos da provincia da Coruña – 2023; de acordo coas bases dos BOP, obrigas e compromisos recollidos no resto da documentación.

A subvención que se solicita é para a contratación de 5 operarios para a limpeza de praias a xornada completa durante 89 días dende o 17 de xuño a 15 de setembros (orçamento estimado: 33.840,00).

O importe da subvención que se solicita é o máximo de 33.840,00 €.

Os financiamento solicitado inclúe o 100%.

SEGUNDO.- Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas.

TERCEIRO.- Remitir en prazo á Deputación da Coruña a certificación do presente acordo xunto co resto da documentación esixida nas bases das convocatorias.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Acordar a solicitude de subvención do Programa MA100 de subvencions para limpeza de praias destinado a concellos da provincia da Coruña – 2023; de acordo coas bases dos BOP, obrigas e compromisos recollidos no resto da documentación.

A subvención que se solicita é para a contratación de 5 operarios para a limpeza de praias a xornada completa durante 89 días dende o 17 de xuño a 15 de setembros (orçamento estimado: 33.840,00).

O importe da subvención que se solicita é o máximo de 33.840,00 €. Os financiamento solicitado inclúe o 100%.

SEGUNDO.- Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas.

TERCEIRO.- Remitir en prazo á Deputación da Coruña a certificación do presente acordo xunto co resto da documentación esixida nas bases das convocatorias.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 11:58 do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinando xunto co alcalde.

3.2 Dación de conta das Resolucións de Alcaldía nas que se avocou competencias para a solicitude de subvencións:

2023/G003/000168 Resolución de solicitude de subvención FCA 2023 en réxime de concorrencia non competitiva (PR483A). MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DE EDIFICIO PARA A ESCOLA UNITARIA DE PAZOS DE ABAIXO

2023/G003/000172 SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL NO EXERCICIO 2023. PRESENTAR SOLICITUDE SUBVENCIÓN.

2023/G003/000194 2023- XXXI Festa do Percebe do Roncudo. Solicitude de Subvención a AXENCIA TURISMO DE GALICIA

2023/G003/000219 Cultura. Subvención Fondo de Cooperación Local (PR486B)

2023/G003/000253 ACORDO DE ADHESIÓN PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O ANO 2023.XUNTA.

2023/G003/000279 ADL. Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024. AGADER. Proxecto: CAMIÑO DE TORRES DE TALLO A BOUZA COVA E OUTRO".

2023/G003/000325 Solicitude da ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega (código de procedemento PL400)

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 12:23 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinando xunto co alcalde.

O alcalde

A secretaria

Xosé Lois García Carballido

Antía Pena Dorado

Documento asinado electrónicamente á marxe.